# Programación didáctica

Departamento de Música. Curso 2018-2019

IES de Brión

**Táboa**

**1.-Limiar**………………………………………………………………………………………………………… 2
1.1.- Análise de contexto…………………………………………………………………………………… 2
1.2.- Departamento de música……………………………………………………………………………… 5
1.3.- Contexto lexislativo……………………………………………………………………………………… 6
1.4.- Obxectivos Xerais da ESO e de área……………………………………………………………… 7
1.5.- As competencias clave ……………………………………………………………………………… 9
1.6.- Educación en Valores……………………………………………………………………………………… 11
1.7.- Atención á diversidade……………………………………………………………………………… 12
1.8.- Metodoloxía……………………………………………………………………………………………… 13
1.9.- Avaliación……………………………………………………………………………………………………… 15
**2.- Concrecións por niveis**……………………………………………………………………………… 15
**1º Ciclo. 2º Educación Secundaria Obrigatoria**………………………………………………… 15
Concrecións da metodoloxía…………………………………………………………………………… 15
Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave…… 16
Mínimos esixibles……………………………………………………………………………………………… 20
Porcentaxes de avaliación por estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación 21
Secuenciación e temporalización………………………………………………………………… 21
**1º Ciclo. 3º Educación Secundaria Obrigatoria**………………………………………………… 23
Concrecións da metodoloxía…………………………………………………………………………… 24
Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave……. 25
Mínimos esixibles……………………………………………………………………………………………… 29
Porcentaxes de avaliación por estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación 29
Secuenciación e temporalización………………………………………………………………… 30
**2º Ciclo. 4º Educación Secundaria Obrigatoria**………………………………………………… 32
Concrecións da metodoloxía…………………………………………………………………………… 32
Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave…….. 32
Mínimos esixibles……………………………………………………………………………………………… 36
Porcentaxes de avaliación por estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación 36
Secuenciación e temporalización………………………………………………………………… 37
**1º de bacharelato. Linguaxe e Práctica Musical**………………………………………………… 39
Obxectivos de 1º de Bacharelato………………………………………………………………………… 39
Concrecións da metodoloxía…………………………………………………………………………… 40
Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave…….. 40
Mínimos esixibles……………………………………………………………………………………………… 47
Porcentaxes de avaliación por estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación 47
Secuenciación e temporalización………………………………………………………………… 48
**3.- Actividades complementarias**………………………………………………………………………… 49
**4.- Contribucións ao plan lector**…………………………………………………………………………… 50
**5.- Indicadores de logro**……………………………………………………………………………………… 50
**6.- Avaliación da programación didáctica**……………………………………………………………… 50

**1.- Limiar**

**Xustificación do prazo de presentación**

A presente Programación Didáctica realízase fóra de prazo por varios motivos que fixeron imposible a súa presentación con antelación. En primeiro lugar, o centro iniciou as aulas con dúas semanas de retraso, por mor dunha folga de alumnado, o que ocasionou un retraso xeneralizado na tramitación de todo o referente aos grupos. Por outra banda, a profesora titular xubilouse a finais de setembro e non estimou oportuno deixar unha programación, dado que a persoa que a substituiría tería que organizar todo o curso educativo en función da mesma. Por último, a realización desta programación precisaba dun mínimo coñecemento do contexto educativo por parte de quen a redacta, polo que foron precisas estas semanas de adaptación e obtención de datos.

**1.1 Análise de contexto**

A materia de música enténdese en Educación Secundaria como unha área que non só permite adquirir coñecementos e habelencias específicas da área senón que contribúe á formación integral da persoa, amplía o horizonte cultural e mellora a capacidade para a formación dunha correcta autoimaxe ao tempo que favorece a adquisición de habilidades sociais.

Así pois, desenvolverase a materia arredor de tres principios reitores:

- A valoración e respecto cara as producións musicais propias e alleas, para o cal se fai ferramenta imprescindible a escoita activa.
- O desenvolvemento das capacidades creativas, tanto individuais como en grupo.
- A capacidade analítica e crítica respecto do fenómeno musical, para o cal é preciso ampliar a cultura musical e adquirir habilidades lingüísticas e coñecementos específicos que permitan unha expresión apropiada.

O alumnado que recibe aulas de música no presente curso suma un total de 180 rapaces e rapazas con idades comprendidas entre os 13 e os 18 anos.

A maioría do alumnado vive no concello de Brión, un grupo pequeno procede de Urdilde, Concello de ROIS e un número ben menor de Bertamiráns, Concello de Ames..

Socioloxicamente, non hai no concello núcleos importantes de poboación, aínda que si urbanizacións. Boa parte dos habitantes delas, profesionais que desenvolven o seu traballo en Compostela (sector servizos) e que mercaron aquí a vivenda e escolarizan aos seus fillos e fillas no IES de Brión. Tamén hai poboación rural vinculada ao sector primario.
O nivel de estudos da maioría de pais e nais é graduado escolar. Proxenitores con estudos medios e superiores son unha minoría.

O Concello está dividido en dúas grandes zonas: A alta (parroquias de Ons, Luaña, Viceso e Cornanda) e a baixa, onde se ubica o propio IES e que concentra a maioría da poboación, a Casa do Concello, a escola de educación primaria e os servizos culturais, deportivos, sanitario. etc. Os medios de transporte internos son apenas existentes o que dificulta a comunicación e os encontros entre o alumnado fóra do horario de clases e da dispoñibilidade dos proxenitores.
Dende o punto de vista musical, o Concello organiza diversas escolas de música (tradicional, banda, etc), o que sumado á proximidade doutros municipios máis grandes, permite a boa parte do alumnado asistir a aulas dalgún instrumento fóra do horario escolar. Obsérvase en xeral unha vida musical bastante activa.

**Cadro alumnado música curso 2018-2019**

| Nivel e grupo | A | B | C | **TOTAL** |
|---|---|---|---|---|
| **2º ESO** | 24 | 23* | 25 | **72** |
| **3º ESO** | 27 | 23 | 26 | 76 |
| Total música obrigada | | | | 148 |

| **4º ESO optativa** | A | B | **TOTAL** |
|---|---|---|---|
| | 11 | 6 | 17 |

| | **TOTAL** |
|---|---|
| **1º Bacharelato optativa** | 15 |

| | **TOTAL** |
|---|---|
| **Alumnado ESO** | 165 |
| **Alumnado Bacharelato** | 15 |
| **Alumnado Música** | 180 |

*O curso comezou con 24 alumnos-as en 2º B, pero en outubro un alumno trasladouse a un centro de FP na Coruña.

Algúns aspectos que é preciso sinalar, respecto da composición dos grupos:

**2ºESO:**
Os tres grupos son bastante homoxéneos, se ben é preciso sinalar que en 2º B hai varios alumnos con TDA/TDAH, dislexia ou que precisan un seguimento do traballo diario máis próximo. Por outra banda, en 2ºC unha porción do alumnado ten un rendemento académico sinalado.

**3ºESO:**
3º A é un grupo heteroxéneo no que é preciso atender a distintas características do alumnado: problemas de saúde, un alumno Asperger, varios con TDAH, un alumno con altas capacidades que cumpre un ano

menos que o grupo de referencia, unha alumna cun 55% de discapacidade. Hai tamén unha alumna que provén de Marrocos e, aínda que leva tres anos en Galiza aínda precisa continuar melorando as súas habilidades lingüísticas, entre outras cousas, para facilitar a adquisición dos contidos do nivel.

É o grupo de referencia de PMAR.
3º B é un grupo que presenta, en principio boa disposición cara o ámbito académico.
3º C é un grupo no que varios alumnos e alumnas precisan dunha certa atención a nivel emocional, segundo os datos de cursos anteriores, polo demais bastante homoxéneo.

**4º ESO A/B:** hai unha porcentaxe bastante alta de rapaces e rapazas que repiten ou repetiron curso e que veñen recibindo ao longo da etapa diversas medidas de reforzo. Sen embargo na área de música semellan ter un especial interese, a xulgar polo nivel de participación nas actividades propostas.
**1º Bacharelato:** é alumnado en xeral moi motivado e cun moi bo rendemento académico, cunha predominancia significativa de rapazas (tan só dous rapaces).

Distribución horaria :
2h semanais en 2º ESO x 3 grupos ------------------- 6 h.
2h semanais en 3º ESO x 3 grupos -------------------- 6 h
3h semanais en 4º ESO x 1 grupo ------------------- 3 h
3h semanais en 1º Bach........................................... 3h

Total aulas de música 18 h. semanais.

**1.2.- Departamento de Música:**

O departamento é unipersoal, pero produciuse un cambio por mor da xubilación da profesora titular a finais de setembro:

Asunción Santos Castroviejo.
Estrela Gómez Viñas (incorporación: 2-10-2018)

A hora fixada para o traballo de Xefatura de Departamento (actas, revisión programación, axustes pedagóxicos, atención á diversidade, avaliación das mercas necesarias, as mercas mesmas, a solicitude de concertos e preparación das saídas, inventario aula, etc), é martes á 4ª hora.

A hora de atención a familias é xoves a 4ª hora.

Horario:

| | luns | martes | mércores | xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| 8:25-9:15 | | 1º Bach. | | | |
| 9:15-10:05 | 1º Bach. | 3º C | 2º A | 2º B | 3º B |
| 10:25-11:15 | 3º B | | 1º Bach. | 3º C | 2º A |
| 11:15-12:05 | 2º B | XD | ORIENTAC. | At. Familias | 4º AB |
| 12:25-13:15 | 4º AB | Titoría 2º C | 4º AB | | 2º C |
| 13:15-14:05 | | | | 3º A | |
| 16:15-17:05 | | 3º A | | | |
| 17:05-17:55 | | 2º C | | | |

**1.3.- Contexto lexislativo:**

O curriculo da ESO están fixados pola Administración. Leis, Ordes, Decretos e Circulares que fixan igualmente a avaliación, atención a diversidade, convivencia e uso de linguas.
A LEI ORGÁNICA 2/2006 do 3 de Maio, xunto os DECRETOS 1631/2006 de ensinanzas mínimas, o 133/2007 de 5 de xullo que concreta o **curriculo** e as **competencias básica**s; 124/2007 de 28 de xuño xunto a ORDE de 6/setembro de 2007 de desenvolvimento da ESO. O REAL DECRETO 1146/2011, de 29 de xullo, polo que se modifica o REAL DECRETO 1631/2006, de 29 de decembro, no que se establecen as ensinanzas mínimas correspondientes á Educación Secundaria Obligatoria, así como os REALES DECRETOS 1834/2008, de 8 de novembro, 860/2010, de 2 de xullo, afectados por estas modificacións.
A ORDE de 21 de decembro de 2007 de **avaliación** na ESO modificada nun dos apartados pola ORDE de 23 xuño 2008 que modifica a anterior de avaliación na ESO e no bacharelato na xa amentada Orde de 24/6/2008 e os programas de diversificación curricular na ORDE do 30.7 2007 xunto á CIRCULAR 8/2009 da Dirección Xeral de educación para a **atención á diversidade**.
A ORDE 21/12/2007 e 23/6/2008 O DECRETO 324/1996 de 26 de xullo art.66 e a Orde de 15 de xuño de 2009 sobre a posta en coñecemento entre o alumnad. A LEI 4/2011 de ***Convivencia e Participación da Comunidade Educativa*** e o DECRETO 79/2010 de 20 de maio de **Plurilinguismo**.
A modificación realizada pola **LEI ORGÁNICA 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece unha nova organización da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
En desenvolvemento normativo posterior, o Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, estableceu o **currículo básico das dúas etapas** Educación secundaria obrigatoria e do Bacharelato.
A Orde ECD.65/2015 de 21 de enero na que se **descreben as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación.**
A Orde de 15 de xuño 2015 na que se establece a relación **de Materias de Libre Configuración.** O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato **na Comunidade Autónoma de Galicia**, dítase en exercicio das competencias propias de Galicia no desenvolvemento dos aspectos básicos regulados a nivel estatal.
A RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
No calendario de implantación derivado do novo marco normativo estableceuse que no curso escolar 2016-2017 será na súa totalidade de aplicación da LOMCE con todas as modificacións no currículo, a organización, os obxectivos, os requisitos para a obtención de certificados e títulos, os programas, a promoción e as avaliacións de educación secundaria obrigatoria . Así mesmo, as mencionadas modificacións para bacharelato.
O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ditou tamén o Real decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas **ao exercicio da docencia** na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado a ás especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.
Así como a ORDE 12/07/2017 e a RESOLUCIÓN de 20 de xullo de 2017 que ditan instrucións para o desenvolvemento no curso académico 2027-2028 do currículo establecido no Decreto 86/2015 de 25 de xuño da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunicade Autónoma de Galicia.
Documentos que figuran a disposición do alumnado e das nais e pais que desexen coñecelos. Guiarán os grandes pasos do traballo nas aulas de música, nos obxectivos xerais de área, nos bloques de contidos e nas competencias claves, os criterios de avaliación así como nos estándares de aprendizaxe sinaladas no anexo do Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

**1.4.- Obxectivos Xerais da ESO e de área:**

**OBXECTIVOS XERAIS DA E.S.O.**

Na Ensinanza Secundaria existen unha serie de obxectivos xerais específicos da nosa comunidade que veñen plantexados nas correspondentes leis. Sen dúbida é máis que necesario prestarlles atención así coma telos presentes á hora de impartir á nosa materia xa que supoñen un claro referente do que se pretende conseguir ó longo de esta etapa sexa cal sexa a materia. Así pois:

Segundo a *LEI ORGÁNICA DE EDUCACIÓN 8/2013*, do *9 DE DECEMBRO* e o *DECRETO da XUNTA de GALICIA, 86/2015*, DO 25 *DE XULLO*, a educación secundaria contribuirá a desenvolver nos as capacidades que lles permitan alcanzar os seguintes obxectivos:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade

en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

**OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA**

Dun xeito máis específico, a materia de música conta cuns obxectivos referentes á etapa de secundaria, éstes son:

· Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.
· Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a creación, a interpretación vocal e a instrumental, o movemento e a danza, tanto de forma individual como en grupo.
· Escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
· Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.
· Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información -medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e gozo da música.
· Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e á aprendizaxe autónoma da música.
· Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas nos diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais.
· Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e o significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.
· Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a contribución que a música lle proporciona á comunidade.
· Valorar o silencio e o son como fenómenos naturais e como elementos musicais, tomando conciencia da súa función como parte integral do ambiente e utilizando coñecementos da ecoloxía acústica para aproximarse a paisaxes sonoras de diferentes épocas e espazos para combater a polución sonora.
Estes obxectivos xerais son os que nos guiarán á hora de impartir a nosa materia xa que nos falan de aspectos máis que necesarios así como básicos referentes á educación musical.

**1.5 As Competencias Clave**

A LOE e a LOMCE concretaron lexislativamente unha obriga que proviña da Unión Europea: a incorporación ao currículo. Foron denominadas en primeiro lugar Competencias Básicas e posteriormente Competencias Clave. A materia de música debe ser tamén vehículo para a adquisición destas competencias clave, algunhas delas sen esforzo ningún, por tratarse de ámbitos naturalmente traballados na área, mentres que outras requirirán de plantexamentos específicos:

**CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)**

A materia de Música contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística en todos os aspectos que a configuran.

Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas e expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así mesmo, actitudes abertas e respectuosas (de músicas lonxanas no tempo e espazo) e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto ás distintas manifestacións musicais, para establecer conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico aos que se circunscribe cada obra. A orientación desta materia, na que a expresión xoga un papel importante, permite adquirir habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación, a improvisación e a composición, tanto individual como colectiva, que á súa vez estimulan a imaxinación e a creatividade. Por outra banda, unha mellor comprensión do feito musical favorece considerala como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Descritores que se terán en conta para o desenvolvemento desta competencia:

· Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
· Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e amosar gusto pola estética no ámbito cotián.
· Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
· Amosar respeto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertente (artístico-literaria, etnográfica, científico técnica...), e cara ás persoas que contribuíron no seu desenvolvemento.
· Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

**SENTIDO DE INICIATIVA E ESPIRITU EMPRENDEDOR (CSIEE)**

Colabora ao desenvolvemento da competencia de autonomía e iniciativa persoal, mediante o traballo de colaboración ao que antes nos referimos e á habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e da toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra parte, naquelas actividades relacionadas en especial coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, factores clave para a adquisición desta competencia.

Os descriptores que adestraremos son:

· Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
· Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
· Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
· Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.
· Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.
· Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
· Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.

**COMPETENCIAS SOCIAIS E CIVICAS (CSC)**

A participación en actividades musicais de distinta índole, especialmente as referidas á interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo, colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias musicais colectivas dá a oportunidade de expresar

ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas dos outros integrantes do grupo e responsabilizarse na consecución dun resultado. Nestas actividades ninguén destaca e o resultado válido é o grupal de feito que todos teñen que colaborar. A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa achega ao progreso da humanidade e con iso á valoración dos demais e aos trazos da sociedade en que se vive.

Descritores para o desenvolvemento desta competencia:
· Desenvolver a capacidade de diálogo con demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
· Amosar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
· Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
· Evidenciar preocupación por los más desfavorecidos y respeto a los distintos ritmos y potencialidades.
· Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
· Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
· Traballar o respecto e a actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
· Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros se discriminar a ninguén.

**COMPETENCIA DIXITAL (CD)**
A área de Música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de ocio. Ademais a obtención de información musical necesita de destrezas relacionadas co tratamento da información aínda que dende esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

Descritores que se terán en conta para o desenvolvemento desta competencia:
· Elaborar e publicitar información propia derivada da información conseguida a través de medios tecnolóxicos.
· Empregar distintas fontes para a pesquisa de información.
· Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
· Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.
· Presentar os aparellos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4, minidiscs...
· Realizar creación propias empregando medios dixitais de edición de música, ficheiros MIDI, grabación, mixers, etc.

**APRENDER A APRENDER (CAA)**
A área de Música tamén contribúe ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria ao tempo que desenvolve o sentido da orde e da análise. Por unha parte, a audición musical esixe unha escoita reiterada para chegar a coñecer unha obra, recoñecela, identificar os seus elementos e "apropiarse" desta. Por outra, todas aquelas actividades de interpretación musical e de adestramento auditivo requiren da toma de conciencia sobre as propias posibilidades, a utilización de distintas estratexias de aprendizaxe, a xestión e control eficaz dos
propios procesos. En todos estes casos, é imprescindible unha motivación prolongada para alcanzar os obxectivos propostos dende a autoconfianza no éxito da propia aprendizaxe.

Os descriptores para esta competencia serán:
· Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples,

funcións executivas.
· Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
· Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo,crítico, emocional, interdependiente?
· Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
· Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

**COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)**
A área da Música contribúe, ao igual que outras materias, a enriquecer os intercambios comunicativos e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén axuda a integrar a linguaxe musical e a linguaxe verbal e a valorar o enriquecemento da devandita interacción.

Os descriptores que priorizaremos serán:
· Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
· Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
· Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.
· Manexar elementos de comunicación non verbal, ou diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
· Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
· Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
· Aprender un repertorio de cancións –orais e escritas– en lingua galega e castelá.
· Empregar a voz e o propio corpo como instrumentos de expresión e comunicación.
· Relacionar o ritmo coa palabra.

**COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)**
Á contribución á competencia matemática ven dada polo manexo de principios matemáticos necesarios para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: as figuras, os compases, o timbre, as escalas, etc.
Desta forma se manexan os elementos matemáticos básicos en situacións procedentes doutros campos de coñecemento, neste caso, do eido musical.

Descritores que se terán en conta para o desenvolvemento desta competencia:
· Manexar os comecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, compreender o que ocorre ao noso arredor.
· Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
· Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
· Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática en ritmogramas e musicogramas.
· Traballar a relación matemática dos compases cos elementos que integran a escritura no pentagrama.
· Adquirir coñecemento instrumental fixándose no corpo vibrante e na súa orixe.

**1.6.- Educación en valores**
Se partimos de que a educación non se limita á formación académica do alumnado senón que os seus obxectivos inclúen ademáis á formación cívico-ética en todos aqueles valores aos que aspira a sociedade, vemos a necesidade dos contidos transversais para contribuir ao desenvolvemento integral da persoa dende o ámbito escolar.
Preténdese tamén favorecer unha actitude democrática, responsable, tolerante e solidaria que rexeite a violencia, as discriminacións e as desigualdades, o consumismo fronte á fame nos países empobrecidos, a degradación do medio ambiente, os hábitos de vida non saudables…
O obxectivo é que o alumnado desenvolva actitudes persoais activas e comprometidas que lles permitan medrar como persoas.
A continuación mencionarase o tratamento que dende a área de música se contempla para algúns contidos transversais.

· A **Educación Ambiental** na música concrétase na toma de conciencia da contaminación sonora que sofre a nosa sociedade.

· En relación coa **Educación para a Saúde** plantexaranse situacións próximas á realidade que brinden a posibilidade de profundizar en temas relacionados con:
- valoración do silencio coma fonte de repouso e calma
- desenvolvemento da coordinación corporal
- exercitación da elasticidade e destreza co movemento e danza.
- a correcta postura corporal como base fundamental para a práctica musical.
- exercitación do esquema corporal, a relaxación e a tonicidade muscular.

· No referente á **Educación para a Igualdade** entre sexos, estableceránse roles similares para o alumnado nas actividades corporais e na danza. Así mesmo evitarase a presentación de estereotipos sexistas no momento de realizar actividades. Promoverase a inclusión da figura da muller música, en todos os ámbitos profesionais, como parte necesaria do currículo. Utilizarase unha linguaxe inclusiva.

· No tocante á **Educación para a Paz** fomentarase a igualdade entre as culturas a través das diferentes cancións, danzas e pezas instrumentais tanto nacionais (de diferentes comunidades autónomas) coma internacionais e en xeral procurando a eliminación de estereotipos respecto ás diversas mostras culturais e musicais.

Por último traballaranse criticamente os textos das letras das cancións respecto a posibles contidos discriminatorios contra determinados colectivos ou de tipo violento.

**1.7.- Atención á diversidade**
A diversidade non é só algo inevitable, senón que debemos entendela como un ingrediente que aporta valor na aula. Observaremos atención á diversidade non unicamente como a adaptación do currículo ás capacidades intelectuais  e físicas de cada alumno ou alumna, senón que iremos máis aló, incluíndo cuestións como as características actitudinais, emocionais e sociais.

A atención á diversidade partirá necesariamente do coñecementos individualizado do alumnado. Non se tratará exclusivamente dunha adaptación dos obxectivos, contidos e actividades, aínda que en ocasións isto sexa preciso, senón da busca do camiño máis adecuado para cada alumno ou alumna. Procuraremos, no posible, a participación activa do alumnado neste proceso, así como a súa inclusión no grupo.

Partindo das características do currículo na área de música, que contempla a realización de actividades de interpretación instrumental e danza, a detección de posibles dificultades motrices requiriría unha forte adaptación. O mesmo sucedería no caso de dificultades auditivas, visuais ou vocais.
No tocante aos aspectos máis abstractos da materia, será fundamental a avaliación deste ámbito, coa fin de detectar posibles necesidades educativas específicas.

Unha vez detectadas as necesidades de atención á diversidade, distinguiremos as seguintes vías de actuación:

a) Medidas ordinarias

Organizativas:
1.- O alumnado que necesita apoio ou reforzo emprega os mesmos mateirais cos seus compañeiros/as, pero se adáptanse algúns dos contidos. Si que realizan a práctica instrumental a partir de partituras máis sinxelas, axeitadas ao seu nivel.
2.- Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.
O reforzo faino o profesorado da materia.

Curriculares:
1.- Adaptacións metodolóxicas para alumnado / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.
Cando fan traballos en grupo os alumnos/as que necesitan reforzo ou apoio colaboran cos seus compañeiros/as realizando tarefas axeitadas ao seu nivel.
2.- Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.
3.- Aplicación personalizada do programa específico para repetidores da materia.

b) Medidas extraordinarias

Organizativas:
1.- Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.
O alumnado con Adaptación Curricular non ten un horario diferenciado, acude á aula co seu grupo de referencia. Non recibe apoio de profesorado de reforzo na aula.

Curriculares:
• Adaptacións curriculares na materia.
O alumnado con Adaptación Curricular ten o seu propio material elaborado de cordo ao seu currículo por parte do profesorado titular da materia coa axuda do departamento de orientación. O profesorado de apoio non imparte a materia de Música, só o profesor/a titular da mesma; o profesorado de música fai o seguimento do alumnado que require Adaptación Curricular e é o responsable da súa avaliación.

**1.8 Principios metodolóxicos**

Tanto en Educación Secundaria como en 1º Bacharelato, os principios metodolóxicos serán similares. Partindo da idea de que a música é preciso experimentala, sexa escoitando, interpretando ou creando, as aulas terán unha orientación cara ao fenómeno musical vivido. Polo tanto, evitaranse plantexamentos estritamente abstractos. Pola contra, propoñerase previamente actividades ou situacións musicais que requiran novos coñecementos que, logo de ser recoñecidos, serán sistematizados. Isto é aplicable tanto á linguaxe musical como á historia da música, a forma musical, a diferenciación de estilos e xéneros, etc.

Á hora de desenvolver a metodoloxía terase en conta:

- A distribución horaria.
- O material de que dispón a aula.
- As características espaciais da aula de música.
- Os obxectivos propostos.

Os procesos de desenvolvemento e aprendizaxe son diferentes para cada alumno ou alumna, isto obríganos a elaborar actividades que, por un lado atendan ás necesidades do grupo, e por outro, ás do alumnado considerado individualmente.

Por iso, débense buscar procedementos que involucren ó alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe alternando as clases prácticas coas exposicións teóricas e argumentando todos os datos de forma documental: audición, textos, audiovisuais, etc.

Fomentarase un interese pola música desenvolvendo as actitudes musicais básicas de expresión, audición e creación conectados os elementos analíticos e formais, de tal xeito que a creatividade musical como expresión prevaleza sobre a perfección formal da mesma.

Polo tanto, baséase esta programación nas seguintes fundamentacións:

- Unha metodoloxía activa, globalizadora e de socialización.

- A aproximación ós procesos de de aprendizaxe se realiza a través dos procedementos ou sexa de indución.

- Cada coñecemento debe plantexarse como necesidade de resolver unha situación conflitiva.

- As propostas de traballo están secuenciadas en canto ós seguintes bloques: linguaxe musical, expresión vocal e canto, expresión instrumental.

Daráselle importancia a:

- Desenvolvemento de habilidades sociais e dinámicas de grupo positivas a través das actividades musicais colectivas, con respecto cara as producións propias e alleas.

- Audición activa, audición e comentarios de exemplos musicais, recoñecemento e análise estrutural dos elementos musicais (ritmos, melodías, timbres, harmonías...).

- Interpretación: práctica de cancións a unha voz e a capella, cancións a dúas voces, práctica instrumental.

- Creatividade: desenvolvemento das capacidades creativas nas actividades de improvisación e creación de música propia.

- Utilización das TIC.

Promoverase unha actitude creativa, autónoma, crítica e respectuosa cara calquera expresión musical, especialmente a realizada en directo.

Coa fin de poder realizar unha correcta ordenación dos distintos bloques de contidos, distribuirase o traballo semanal de tal xeito que un dos días se dedique á práctica instrumental ou vocal e á danza e o movemento. Unha vez ao mes, cada grupo realizará unha actividade na aula de informática, co obxectivo de coñecer programas e aplicacións relacionadas coa música. Cada trimestre o alumnado de cada grupo deberá presentar traballos escritos, seguindo unhas pautas de investigación, redacción e presentación. Os traballos poderán ser individuais ou colectivos, segundo o caso.

O alumnado participará na proposta de audicións que se apliquen aos contidos que se están a traballar na aula ou que teñan un significado sinalado (axenda cultural local, conexión con outras materias, celebración de datas,...). Todas as audicións serán analizadas, seguindo esquemas que se adapten a cada nivel educativo. Algunhas das análises serán feitas por escrito e presentadas diante do grupo.

Na práctica instrumental e vocal, así como na danza e expresión corporal alternaranse propostas realizadas polo profesorado, xunto con outras que decidan os grupos, xustificando a súa aplicabilidade aos contidos de referencia. Tamén se traballará a improvisación e os seus diversos métodos como medio para dominar a linguaxe da música e para traballar contidos teóricos tales como dificultades rítmicas concretas, escalas, acordes, cadenzas, a forma musical, o timbre, intensidades, ...

O silencio, a escoita activa do mesmo e dos sons que del nacen, serán obxecto de traballo en cada unha das sesións. Nese mesmo contexto, introduciranse exercicios de mellora do esquema corporal, de relaxación e tonicidade, como puntos de partida necesarios para a interpretación musical e o movemento.

**1.9 Avaliación:**

Partindo de que o proceso de avaliación debe atender a dúas funcións básicas: permitir axustar a proposta educativa ás características individuais do alumnado mediante aproximacións sucesivas e permitir determinar o grao no que se conseguiron as intencións do Deseño Curricular, os procedementos e instrumentos.

Polo tanto a avaliación será continua, formativa, personalizada e orientadora. Os instrumentos, criterios e porcentaxes de avaliación indicaranse en cada nivel.

En calquera caso estes atenderán a:

· O progreso do alumno en todas as áreas do currículo.

· Os diferentes elementos do currículo.

· A adquisición das competencias chave.

· A necesidade de establecer medidas de reforzo.

En canto á consecución de contidos, seguiranse os seguintes pasos:

- O resultado de cada un dos instrumentos de avaliación comentarase en conxunto cando se traten de aspectos de gran grupo. En caso contrario, farase individualmente.
- Concertarase unha cita co alumno ou alumna que o solicite para aclarar dúbidas sobre a cualificación.
- Orientaraselle sobre posibles actividades de reforzo .
- En caso de non ter superado o 50% dos contidos dunha avaliación darase oportunidade ao alumnado para recuperalos a través dunha proba escrita individual.
- O alumnado que non supere a materia contará cunha proba ó final da 3ª avaliación sobre as avaliacións suspensas. Os que non superen a proba poderán acceder á proba de setembro, posibilitándolle así a superación da mesma con carácter extraordinario. O día da proba presentaranse as actividades de recuperación indicadas polo profesor/a.

**2.- Concrecións por niveis**

**2.1. 1º Ciclo. 2º de Educación Secundaria Obrigatoria.**

**CONCRECIÓNS DA METODOLOXíA**

Ao desenvolver a metodoloxía exposta máis arriba, deberase ter en conta neste nivel a situación do alumnado que non recibe clase desta materia en 1º de ESO. Sen embargo, no caso concreto deste centro, tamén é preciso apuntar que, segundo a avaliación inicial realizada, se observa en xeral unha boa base en linguaxe musical adquirida nos cursos de primaria. Ademais un número importante de alumnado realiza actividades musicais extraescolares.

En calquera caso, será de gran importancia asentar nas primeiras semanas unhas bases concisas en canto á organización do espazo e da secuenciación durante as sesións, así como das dinámicas de traballo individual e colectivo, co fin de facilitar o bo funcionamento do grupo ao longo de todo o curso.

## CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxect. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | C.C. |
| | Bloque 1. Interpretación e creación | | | |
| ▪ n<br>▪ ñ<br>▪ m | ▪ B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical<br>▪ B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.<br>▪ B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.<br>▪ B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.<br>▪ B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>▪ B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música. | ▪ B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. | ▪ MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ n | ▪ B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical. | ▪ B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪ MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪ CCEC |
| ▪ n<br>▪ g | ▪ B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.<br>▪ B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas. | ▪ B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪ MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d | ▪ B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto. | ▪ B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | ▪ MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | ▪ B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | | ▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a | ▪ CCEC |

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxect. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | C.C. |
| | ▪ B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión. | | resonancia e a entoación. | |
| | | | ▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.6. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana.<br>▪ B3.7. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.<br>▪ B3.8. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora. | ▪ B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual. | ▪ MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara. | ▪ CD |
| | Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.1. Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores.<br>▪ B4.2. Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical | ▪ B4.1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical. | ▪ MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |

| | Música. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxect. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | C.C. |
| | como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas. | | como consecuencia dos avances tecnolóxicos. | |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical. | ▪ B4.2. Aplicar as técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. | ▪ MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual. | ▪ CSC<br>▪ CD |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.4. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. | ▪ B4.3. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos. | ▪ MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. | ▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.5. Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc. | ▪ B4.4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas. | ▪ MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.6. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.<br>▪ B4.7. Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais. | ▪ B4.5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilizalas con autonomía. | ▪ MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes. | ▪ CAA<br>▪ CL<br>▪ CD |

**Mínimos esixibles.**

1.- Interpretar vocal ou instrumentalmente exemplos musicais en modo maior e menor, con indicadores de agóxica, dinámica e expresión.
2.- Realizar a harmonización dunha melodía empregando os acordes de I, V e IV.
3.- Recoñecer os distintos períodos da música occidental a través da audición e comentar as súas características diferenciais.
4.- Comentar exemplos de canción protesta, música de danza e música programática pertencente a diversos estilos.
5.- Realizar traballos en formato dixital de edición, creación dun produto audiovisual e grabación de son.

**Porcentaxes de avaliación por estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación:**

Agruparemos os estándares de aprendizaxe para que se axusten aos instrumentos de avaliación:
1.-
a) Probas escritas de carácter principalmente práctico, que incluirá contidos de linguaxe musical, teoría da música e o comentario de audicións.
b)Presentación de traballos seguindo unhas pautas de obtención da información, elaboración e exposición.

Destinarase a este apartado o 40% da nota de cada avaliación.

Estándares de aprendizaxe:
MUB.1.4.1; MUB. 2.1.1; MUB. 2.2.1; MUB. 2.3.1; MUB. 2.4.1; MUB. 2.4.2; MUB. 2.5.1; MUB. 2.6.1; MUB. 3.1.2; MUB. 3.2.1; MUB. 3.2.2; MUB. 3.3.1; MUB. 4.4.1; MUB. 4.4.2; MUB. 4.4.

2.-
a) Probas prácticas instrumentais e vocais.
b) Observación de actividades na aula, tanto de interpretación como de movemento e danza, creación musical e utilización de medios electrónicos para a composición, grabación, etc.

Estándares de aprendizaxe:
MUB. 1.1.1; MUB. 1.1.2; MUB. 1.2.1; MUB. 1.3.1; MUB. 1.3.2; MUB. 2.1.2; MUB. 4.1.1; MUB. 4.2.1; MUB. 4.3.1; MUB. 4.3.2.
Destinarase un 40% do total da nota da avaliación.

3.-
a) Observación na aula da actitude cara a materia, coidado do materias e respecto das normas; cara o fenómeno musical nas súas múltiples expresións e cara as producións musicais propias e alleas.
Destinarase o 20% da nota da avaliación.

MUB. 1.1.3; MUB. 2.4.3; MUB. 3.1.1; MUB. 4.1.2; MUB. 4.5.1; MUB. 4.5.2; MUB. 4.5.3.

Este apartado corresponderá ao 20% da cualificación.

**Secuenciación e temporalización:**

Ao non dispoñerse de libro, non é posible secuenciar a materia en base a temas. Polo tanto farase segundo os bloque de contidos:
1ª Avaliación:

Bloque 1. Interpretación e creación.
1.- Creación dunha base rítimica e improvisación seguindo distintos esquemas formais.
2.- Sonorización dunha creación poética.
3.- Creación e interpretación de música para o 25 de novembro.
4.- Recordo das habilidades básicas para a interpretación con instrumentos de placas, frautas de bico e percusión indeterminada.
5.- Coordinación en grupo. A escoita. O pulso común.

Bloque 2. Audición.
1.- Recoñecer estruturas formais sinxelas.
2.- Analizar os distintos estilos e xéneros (timbre, contexto, funcionalidade,...).
3.- A fusión de estilos. A cita musical.

Bloque 3.- Contextos musicais e culturais.
1.- Os estilos musicais en diversas épocas e culturas. Características diferenciais groso modo.
2.- Idade Media musical na Península Ibérica. O esplendor da cultura galego-portuguesa.
3.- Música renacentista na Península Ibérica. Os séculos escuros na Galiza.
4.- O hip-hop. Música e poesía.
5.- Profesións da música. A produción musical en distintos contextos. DJ.

Bloque 4.- Música e tecnoloxías.
1.- O son grabado. A radio.
2.- Emprego de instrumentos en formato dixital para a investigación, deseño e presentación dun traballo de investigación.

2ª Avaliación
Bloque 1. Interpretación e creación.
1.- Compases de amalgama.
2.- Interpretación instrumental de distintos exemplos de música tradicional.
3.- Música tradicional en Galiza.
4.- Danzas do mundo.

Bloque 2. Audición.
1.- Escalas características da música tradicional de distintas culturas.
2.- Os ritmos da música tradicional galega.
3.- Comentario dunha peza tradicional (timbre, ritmo, funcionalidade, contexto,...)
4.- A fusión de estilos: o folk, country, nacionalismos,...
Bloque 3. Contextos musicais e culturais.
1.- A música dos pobos. Puntos en común. A riqueza da diferenza.
2.- A música folk en relación a outros estilos musicais e expresións artísticas.
3.- O barroco na Península Ibérica. Música para gaitas na catedral de Santiago.
4.- O clasicismo na Península Ibérica. O silenciamento da cultura galega.
3.- Profesións da música: Intérprete. Arranxista.

Bloque 4. Música e tecnoloxías.
1.- Son e imaxe. O audiovisual.
2.- Grabación e tratamento de música de produción propia.

3ª Avaliación

Bloque 1. Interpretación e creación.
1.- A escala de blues. Ritmos sincopados. O pulso off-beat. Blue notes.
2.- Palos flamencos.
3.- Sonorización de imaxes, vídeo, textos teatrais e narrativos,...
4.- Experimentación co ruído e o silencio. O azar.

Bloque 2. Audición.
1.- Análise das características formais, rítmicas, melódicas dos distintos xéneros da música chamada popular: blues, rock, jazz, flamenco, ...
2.- Os contrastes do Romanticismo. A cita musical no Nacionalismo musical.
3.- Descubrimento dos novos elementos creativos da música no S. XX: o timbre, a disonancia, o ruído, o son electrónico

Bloque 3. Contextos musicais e culturais.
1.- Música popular. Os xéneros: orixe, características e interconexións.
2.- Música no Romanticismo. Contexto histórico e cultural. O Nacionalismo musical.
3.- As avangardas do S. XX na Península Ibérica.
4.- Profesións: Compositor-a. Director-a de escea.

Bloque 4. Música e tecnoloxías.
1.- A mesa de mesturas. Efectos electrónicos.
2.- O son MIDI.
3.- Presentación sonorizada.

## 2.4. 1º Bacharelato. Linguaxe e Práctica Musical

**OBXECTIVOS**

A etapa de Bacharelato contribuirá a conseguir os seguintes obxectivos por parte do alumnado:

· Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha con- ciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsa- bilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade

· Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma respon- sable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver paci- ficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

· Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en parti- cular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

· Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

· Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

· Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

· Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comu- nicación.

· Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

· Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciati- va, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

· Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e

enriquecemento cultural.

· Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

No ámbito máis específico da música, buscaremos os seguintes obxectivos específicos:
· Sentar unhas bases para a escoita analítica e estética das diversas mostras musicais en culturas e momentos da historia.
· Realizar producións musicais propias e alleas en grupo e individualmente, con intención expresiva e coidando a calidade (entendendo por suposto que non se trata dun espazo de formación musical con orientación profesional).
· Ser quen de interpretar a notación musical, tanto na interpretación como na análise de partituras.
· Ampliar o coñecemento de estilos e xéneros musicais e os seus recursos.
· Manter unha actitude aberta a novas experiencias musicais, contextualizándoas e identificando o seu significado e intención expresiva de quen a creou.
· Coñecer figuras femininas significativas ao longo da historia da música e en distintos estilos, analizando os roles de xénero que marcaron o seu percorrido como artistas.
· Coñecer o fenómeno físico do son, así como a natureza das súas calidades, e realizar unha incursión no eido do tratamento do son por medios tecnolóxicos (amplificación, efectos, grabación, reprodución, etc).

**METODOLOXÍA**

Como nos niveis anteriores, a metodoloxía terá un plantexamento participativo e creativo. Sen embargo neste curso faremos especial fincapé na capacidade de analizar os elementos da música nos exemplos propostos, para o cal se fará necesario un bo coñecemento da linguaxe musical e a teoría da música.

Por outra parte, durante a práctica musical buscarase o desenvolvemento das capacidades creativas e expresivas do alumnado. Para isto durante as primeiras semanas farase un repaso de lectura musical, dado que en 4º da ESO a materia é optativa e non podemos supoñer que o alumnado asistira a esta asignatura. As novas dificultades introduciranse gradualmente, a medida que se fagan precisas.

Destinaranse esforzos na adquisición de estratexias para a investigación. Tendo en conta o nivel educativo, prestarase atención á corrección na expresión e utilización de terminoloxía así como á forma na presentación de traballos (a cita, o comentario a pé de páxina, os anexos, a indicación das fontes,...)

Será precisa tamén a exposición por parte do profesorado das coordenadas nas que se ordenan os contidos, pero as características do grupo permiten organizar a materia de xeito que a pesquisa e o descubrimento por parte do alumnado e a posterior construción dun coñecemento común sexan o principio metodolóxico que guiará unha porcentaxe dos aspectos teóricos da materia.

**CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.**

| | Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxect. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | C.C. |
| | Bloque 1. Destrezas musicais | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B1.1. Utilización da voz, individual ou colectivamente, partindo do coñecemento do aparello fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e a afinación.<br>▪ B1.2. Interpretación vocal atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical. | ▪ B1.1. Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con acompañamento. | ▪ LPMB1.1. 1. Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B1.3. Entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos, harmónicos, arpexos ou acordes. | ▪ B1.2. Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas. | ▪ LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ ñ<br>▪ p | ▪ B1.4. Interiorización do pulso.<br>▪ B1.5. Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus ataques.<br>▪ B1.6. Práctica da lectura articulada e da escritura tanto melódica como harmónica nas claves de sol e fa en cuarta, e da escritura tanto melódica como harmónica.<br>▪ B1.7. Práctica de lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico.<br>▪ B1.8. Práctica da lectura de obras musicais utilizando partituras. | ▪ B1.3. Identificar e executar instrumentalmente ou vocalmente estruturas e patrónsrítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido. | ▪ LPMB1.3.1. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | Bloque 2. A audición comprensiva | | | |

| | Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxect. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | C.C. |
| ▪ i<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Percepción e identificación do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios.<br>▪ B2.2. Percepción, identificación e transcrición de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario ou ternario.<br>▪ B2.3. Percepción, identificación e transcrición de signos que modifican a duración, síncopes, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción, etc. | ▪ B2.1. Recoñecer autidivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para manter durante breves períodos de silencio. | ▪ LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B2.4. Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo.<br>▪ B2.5. Percepción, identificación auditiva e transcrición das escalas, funcións tonais-acordes maiores e menores, acordes de sétima dominante e de sétima diminuída, cadencias e os modos e intervalos fóra do concepto tonal.<br>▪ B2.6. Recoñecemento comprensivo das texturas musicais e dos timbres instrumentais nas obras escoitadas ou interpretadas.<br>▪ B2.7. Recoñecemento auditivo e transcrición dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.<br>▪ B2.8. Reprodución vocal memorizada dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.<br>▪ B2.9. Identificación de erros ou as diferenzas entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado.<br>▪ B2.10. Transcrición de esquemas harmónicos das obras escoitadas. | ▪ B2.2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas | ▪ LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LPMB2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | Bloque 3. A teoría musical | | | |

| | Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxect. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | C.C. |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B3.1. Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, os grupos de valoración especial contidos en un e varios pulsos, etc.<br>▪ B3.2. Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agóxica, á articulación musical e ao ataque dos sons.<br>▪ B3.3. Aproximación ás grafías contemporáneas. | ▪ B3.1. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. | ▪ LPMB.3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LPMB.3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ n | ▪ B3.4. Coñecemento das normas de escritura melódica.<br>▪ B3.5. Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais.<br>▪ B3.6. Coñecemento e comprensión de escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación.<br>▪ B3.7. Coñecemento dos principais sistemas de cifraxe harmónica.<br>▪ B3.8. Coñecemento da ornamentación musical.<br>▪ B3.9. Comprensión do efecto que producen na música os sons da ornamentación e intensificación expresiva.<br>▪ B3.10. Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre si. | ▪ B3.2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical. | ▪ LPMB.3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LPM3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ LPM3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | Bloque 4. A creación e a interpretación | | | |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.1. Realización vocal ou instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario ou ternario e as súas variantes. | ▪ B4.1. Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como conxunta. | ▪ LPMB.4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvísaas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado. | ▪ CMCCT |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.2. Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves melodías.<br>▪ B4.3. Utilización das escalas e acordes máis habituais no sistema modal e tonal. | ▪ B4.2. Improvisar, individualmente ou colectivamente, breves melodías tonais ou modais, pequenas formas musicais partindo de premisas relativas a diferentes aspectos da linguaxe musical. | ▪ LPMB.4.2.1. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |

| | Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxect. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | C.C. |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B4.4. Interpretación memorizada de obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento. | ▪ B4.3. Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado, valorando as achegas do grupo e desenvolvendo o espírito crítico. | ▪ LPMB.4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LPMB.4.3.2. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LPMB.4.3.3. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LPMB.4.3.4. Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LPMB.4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.5. Achegamento aos procesos compositivos máis habituais.<br>▪ B4.6. Utilización da expresión corporal e o movemento corporal como complemento ao feito musical.<br>▪ B4.7. Desenvolvemento da lateralidade a través da realización simultánea de diferentes ritmos básicos | ▪ B4.4. Improvisar ou compor e interpretar unha breve obra musical para unha melodía dada, que necesite a participación de varios executantes e incorporar movemento coreográfico, utilizando os coñecementos musicais adquiridos. | ▪ LPMB.4.4.1. Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LPMB.4.4.2. Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ n | ▪ B4.8. Participación activa na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos. | ▪ B4.5. Saber comportarse como espectador/a e intérprete, e controlar o medo escénico nas actuacións. | ▪ LPMB.4.5.1. Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos. | ▪ CSC |
| | ▪ B4.9. Participación na organización e na realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas das demais persoas. | | ▪ LPMB.4.5.2. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico. | ▪ CSC |
| | Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son | | | |

| | Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxect. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | C.C. |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B5.1. Fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio; serie de Fourier.<br>▪ B5.2. Características acústicas dos instrumentos: instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son.<br>▪ B5.3. Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporcións asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón.<br>▪ B5.4. Transmisión e amortecemento do son.<br>▪ B5.5. Sinal analóxico e sinal dixital. Dixitalización do son analóxico.<br>▪ B5.6. Síntese do son: mostraxe (samplers), filtros de frecuencias e multipistas.<br>▪ B5.7. Hardware musical: computadores, tarxetas de son e conexións.<br>▪ B5.8. Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas. | ▪ B5.1. Realizar traballos e exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías. | ▪ LPMB.5.1.1. Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B5.9. Práctica dos sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicación MIDI en interpretacións ou creacións propias.<br>▪ B5.10. Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.<br>▪ B5.11. Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes. | ▪ B5.2. Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación de son. | ▪ LPMB.5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |

**Mínimos esixibles.**

1.-Utilizar de forma correcta a terminoloxía específica da área da materia, co fin de comunicar aos demais opinións persoais e poder realizar análises e xuízos de valor sobre diferentes feitos musicais.
2.- Expresar e comunicar ideas ou sentimentos por medio de diversos recursos musicais.

3.- Ler correctamente fragmentos ou pezas musicais sinxelas como apoio ás tarefas de interpretación e audición (compases simples e compostos, con síncopas, anacruses, punto, signos de repetición, tonalidades cunha alteración na armadura, alteracións accidentais, grupos de valoración especial, en clave de sol).

4.- Interpretar pezas musicais para conxuntos instrumentais cunha técnica correcta e certa expresividade, e improvisar polirritmias con instrumentos de percusión.
5.- Investigar e analizar obras musicais realizando unha escoita activa, mostrando interese por coñecer o contexto social e cultural no que se creou dita obra.
6.- Deducir a partir da análise dunha partitura ou audición, os elementos que a configuran.
7.- Desenvolver unha actitude de respecto cara ás diferentes opinións e criterios estéticos que definen unha obra musical, así como cara o material de aula e os compañeiros e compañeiras.

**Porcentaxes de avaliación por estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación:**
Agruparemos os estándares de aprendizaxe para que se axusten aos instrumentos de avaliación:
1.-
a) Probas escritas de carácter principalmente práctico, que incluirá contidos de linguaxe musical, teoría da música e o comentario de audicións.
b)Presentación de traballos seguindo unhas pautas de obtención da información, elaboración e exposición.

Destinarase a este apartado o 40% da nota de cada avaliación.

Estándares de aprendizaxe:
MUB.1.1.1; MUB. 1.3.3; MUB. 2.2.4; MUB. 2.2.5; MUB. 3.2.1; MUB. 3.2.2; MUB. 3.2.3; MUB. 4.3.1; MUB. 4.4.1; MUB. 5.1.1.

2.-
a) Probas prácticas instrumentais e vocais.
b) Observación de actividades na aula, tanto de interpretación como de movemento e danza, creación musical e utilización de medios electrónicos para a composición, grabación, etc.ç

Estándares de aprendizaxe:
MUB. 1.1.2; MUB. 1.1.3; MUB. 1.2.1; MUB. 1.3.1; MUB. 1.3.2; MUB. 2.1.1; MUB. 2.2.1; MUB. 2.2.2; MUB. 2.2.3; MUB. 3.1.1; MUB. 3.1.2; MUB. 4.1.1; MUB. 4.2.1; MUB. 4.3.4; MUB. 4.4.2.
Destinarase un 40% do total da nota da avaliación.

3.-
a) Observación na aula da actitude cara a materia, coidado do materias e respecto das normas; cara o fenómeno musical nas súas múltiples expresións e cara as producións musicais propias e alleas.
Destinarase o 20% da nota da avaliación.

MUB. 4.3.2; MUB. 4.3.3; MUB. 4.3.5; MUB. 4.5.1; MUB. 4.5.2; MUB. 5.2.2.

Este apartado corresponderá ao 20% da cualificación.

**Secuenciación e temporalización**

1ª Avaliación
Bloque 1. Destrezas musicais.
1.- A escala diatónica.

2.- Principios básicos da harmonía funcional. A relación Dominante-Tónica
3.- O ciclo de quintas. A tonalidade.
4.- Pulso, acento. O compás simple e composto. Estruturas rítmicas en subdivisión binaria.

Bloque 2. Audición comprensiva.
1.- Recoñecemento dos procedementos de composición de exemplos dados.
2.- Análise de audición con apoio de partitura. As formas secuencia, refrán, suite, minueto.
3.- Discriminación auditiva. Acordes de V e I.

Bloque 3. Teoría da Música.
1.- Aparato fonador. Partes e funcionamento.
2.- Procedementos de composición. A repetición. A variación
3.- Formas musicais: secuencia, refrán, suite, minueto. Diferencias, chacona, folías, tema e variacións.

Bloque 4. Creación e interpretación.
1.- Emisión da voz (respiración, relaxación, colocación da voz, entoación)
2.- Pulso e ritmo. Estruturas rímicas básicas.
3.- A escala diatónica.
4.- Danzas barrocas e os seus esquemas rítmicos.

Bloque 5. Música e tecnoloxías.
1.- Edición de partituras.
2.- Busca de información e elaboración de traballos de investigación a través das TIC.

2ª Avaliación
Bloque 1. Destrezas musicais.
1.- Progresións harmónicas sinxelas. Cadencias: perfecta, imperfecta, rota.
2.- A expresión musical. Escrita e interpretación.
3.- A clave de Fa en cuarta.
4.- Estruturas rítmicas en compases compostos.

Bloque 2. Audición comprensiva.
1.- Recoñecemento dos procedementos de composición de exemplos dados.
2.- Análise de audición con apoio de partitura. As formas canon e fuga.
3.- Discriminación auditiva: cadencias.

Bloque 3. Teoría da Música.
1.- O timbre. Sistemas de clasificación de instrumentos musicais.
2.- A textura.
3.- Procedementos de composición: a imitación.
3.- Formas musicais: canon, fuga.

Bloque 4. Creación e interpretación.
1.- Características expresivas da voz. Adornos, rubato, dinámica.
2.- Polirritmos. Negras, corcheas e silencios de negra.
3.- Creación de melodías acompañadas.
4.- Danzas tradicionais e os seus esquemas rítmicos característicos.
Bloque 5. Música e tecnoloxías.
1.- O son grabado.
2.- Realización e presentación de traballos de investigación a través das TIC.

3ª Avaliación
Bloque 1. Destrezas musicais.
1.- A modulación. Procedementos.
2.- Grupos de valoración especial.
3.- O tempo e a variación do tempo.

Bloque 2. Audición comprensiva.
1.- Recoñecemento dos procedementos de composición de exemplos dados. O desenvolvemento
2.- Análise de audición con apoio de partitura. A forma sonata. A A forma libre.
3.- Discriminación auditiva. Clases de escalas.

Bloque 3. Teoría da Música.
1.- Principios de acústica.
2.- A articulación.
3.- Procedementos de composición. O desenvolvemento.
4.- Formas musicais: a forma sonata, a forma libre.

Bloque 4. Creación e interpretación.
1.- Os instrumentos dixitais de edición de partituras, MIDI, mixers, ...
2.- Polirritmos. Punto, silencio de corchea, semicorcheas.
3.- A improvisación harmónica.
4.- A danza e o movemento como medio de expresión. A coreografía

**3.- Actividades complementarias.**

Ademais das actividades q ue se desenvolven dentro do horario asignado, está previsto realizar estoutras:
1.- Asistencia a concertos
Obxectivos:
Coñecer a sala de concertos e as normas que as rexen (acústica, ordenación, códigos de conduta...).
Escoitar e ver instrumentistas e agrupacións instrumentais diferentes.
Achegarse a xéneros, estilos, modas, autores formas e obras diferentes escoitados en directo.
Realizarase un mínimo dun concerto por aula.
As propostas se manexan son: **Concertos didácticos do Auditorio de Galicia, Santiago e Concertos didácticos de A Coruña** (Concello e O. Sinfónica). En Coruña desde 2011 a entrada custa 2€ /alumno-a para poder manter as programacións. **Ensaios da Orquestra Sinfónica de Galicia**, A Coruña. Estes ensaios abertos son gratuítos.
Os concertos traballaranse previamente na aula, coa fin de contextualizalos e permitir un maior aproveitamento por parte do alumnado.

2.- Mércores musicais. Continuando coa tradición de varios anos atrás, organizaranse con alumnado ou profesorado queira cantar ou tocar para nós. De xeito individual ou en grupo. Permite ampliar a proposta cultural do centro, coñecer as habelencias de compañeiros e compañeiras, desfrutar de música realizada en directo e é un espazo de expresión para aquelas persoas con inquedanzas musicais que teñan preparado un pequeno repertorio.

2.- Concertos para datas concretas. A realización desta actividade depende en gran medida do interese do alumnado en participar, dado que requirirá a realización de ensaios nalgún recreo. Con motivo da celebración no centro de datas sinaladas (dos dereitos humanos, das persoas traballadoras, da muller, das Letras Galegas,...) tentarase organizar algún concerto no que grupos de alumnos e alumnas realicen en directo a interpretación de músicas alusivas aos temas de que se trate. Tentarase facer en colaboración con outros departamento.

3.- Aula aberta. Durante o primeiro recreo, agás martes (por mor da garda de recreo), a aula permanecerá aberta para que o alumnado poida probar instrumentos, ensaiar ou realizar actividades diversas relacionadas coa música.

**4.- Contribucións ao plan lector**

A materia de música está a cotío en contacto co mundo da literatura, sexa polas letras das cancións que se traballan na aula, sexa por obras literarias ás que fan referencia directa ou indirectamente algunhas obras musicais.

Por outra banda, sempre que fale de estilos ou xéneros musicais que poidan atoparse en relación a outras mostras culturais ou artísticas, estas serán introducidas como elemento de traballo, como un medio de contextualizar e comprender mellor o pensamento e o sentido estético da época ou cultura de que se trate.

Algunhas actividades de interpretación vocal requirirán a comprensión do texto coa fin de adecuar a expresión musical. Noutros casos, tratarase de analizar a confluencia entre palabra e son.

Será actividade obrigada en cada avaliación a redacción dalgún tipo de traballo escrito que verse sobre un tema concreto. Procurarase inculcar no alumnado unhas normas de corrección na redacción, a riqueza nas estruturas lingüísticas e no léxico.

Por último, propoñerase a lectura de textos literarios diversos, de curta duración, conectados cos temas que se estean a tratar na aula. Sobre estes textos realizarase un comentario que poña en relación os contidos dunha e outra área.

De preferencia, os textos atoparanse na lingua orixina, xunto cunha tradución á lingua galega.

**5.- Indicadores de logro**

| **Indicadores de logro do proceso de ensino** | **1** | **2** | **3** | **4** |
|---|---|---|---|---|
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |
| **Indicadores de logro da práctica docente** | **1** | **2** | **3** | **4** |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

**6.- Avaliación da programación didáctica**

Ao remate do curso escolar, avaliarase a presente programación didáctica a partir do seguinte listado de cuestións:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e

bacharelato]
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

Estrela Gómez Viñas
Xefa de Departamento de Música
Brión, a 26 de novembro de 2018